

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 1 DE XULLO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día un de xullo de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

Tendo en conta os asuntos que se incluíron na convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 30 de xuño de 2020 e que quedaron pendentes de tratar ao suspenderse a celebración da citada sesión.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Expedientes de contratación.

2.1. Proposta de modificación do contrato de organización e desenvolvemento dos campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares, para o ano 2020, por mor da situación da crise sanitaria do Covid-19. Expte: 2018/C004/000025

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Por Acordo de Xunta de Goberno Local de data 30 de xullo de 2019 foi adxudicado o contrato para a organización e desenvolvemento dos Campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares, (exp. 2018/C004/000025) á empresa "Hebe Sport, S.L.", con CIF B15890809, por un importe total de 155.886,02 euros IVE incluído.

O contrato foi formalizado con data do 28 de agosto de 2019, (asinándose un documento corrixido con data do 4 de outubro de 2019, se ben con efectos da formalización desde o 28 de agosto anterior) e , segundo o establecido na súa cláusula cuarta, de conformidade co disposto na cláusula 6 do Prego de cláusulas administrativas particulares, o seu prazo de duración é de dous anos, sendo os seus prazos parciais de execución os comprendidos nos períodos vacacionais escolares de Entroido, Semana Santa, verán e Nadal, polo que a súa duración abarca ata o 28 de agosto de 2021.

O obxecto deste contrato consiste en desenvolver un programa de accións dirixidas á ocupación do tempo libre e de lecer dos nenos en idade escolar, que se desenvolven nas datas nas que non hai curso escolar (verán, Entroido, Nadal e Semana Santa), actividades que se veñen incluíndo nun contexto de conciliación da vida familiar e laboral, en cumprimento das competencias municipais en materia de ocupación do tempo libre.

Con motivo da situación da crise sanitaria derivada do Covid-19, o Sr. Alcalde do Concello de Cambre, con data do día 17 de abril de 2020 ditou a resolución número 524/2020 na que , entre outros aspectos, se acorda "*Decretar a imposibilidade de execución do contrato para a organización e desenvolvemento dos Campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares (exp. 2018/C004/000025), do que é adxudicatario a empresa "Hebe Sport, S.L." e cuxa vixencia se estende ata o día 28 de agosto de 2021, debido ás medidas adoptadas durante a vixencia do estado de alarma acordado por Real decreto 463/2020. En consecuencia, determinar que o día desde o que debe considerarse suspendido totalmente o contrato é o día 14 de marzo de 2020 e ata que a dita prestación poida reanudarse, unha vez cese a situación que motivou a suspensión, o que será comunicado ao contratista expresamente.*"

Con data do 16 de xuño de 2020, asínase pola animadora deportiva adscrita a Educación, coa conformidade do coordinador de cultura e educación, un informe no que, por mor da situación da crise sanitaria decretada, e tendo en conta a necesidade de poñer novamente en marcha os campamentos urbanos para o verán de 2020 coas medidas de seguridade e hixiene establecidas na Orde SND/458/2020 do 30 de maio, se propón a modificación do contrato, que consiste na adopción das seguintes medidas:

- Reducirse a ratio monitor/a-participante a 1 por cada 9 participantes.
- Fixarase un máximo de catro grupos de 10 persoas en total mais o/a coordinador e os/os 2 monitores/ as de apoio por lugar de realización de actividade.
- Realizárase o campamento urbano en tres lugares en lugar de en un para poder ofertar o nº máximo total de prazas e que se achegue ao máximo de prazas establecido no contrato en vigor, cumprindo así co aforo por lugar de actividade establecido na Orde.
- Atrasarase o comezo do desenvolvemento do campamento ao 13 de xullo, xa que, para que a xente poida solicitar a praza para o campamento, ten que solicitar cita previa no rexistro municipal (se presenta a solicitude por esta vía) , tal e como está actualmente establecido no Concello de Cambre como medida de seguridade, isto fai que se teña que atrasar o prazo de solicitude ata o 26 de xuño de 2020 e que se teña un tempo para facer a valoración de solicitudes unha vez finalizado devandito prazo. Por iso, as quendas de días do campamento será de: 1º, do 13 ao 24 de xullo; 2º, do 27 de xullo ao 7 de agosto; 3º, do 10 da o 21 de agosto (excepto o 17 que é festivo local) e o 4º, do 24 ao 31 de agosto de 2020.

Esto supón unha ampliación no nº de persoas e horas do contrato, o que implica, tendo en conta os prezos de adxudicación, un importe total de 40.794,16 euros sen IVE e de 44.873,58 euros IVE incluído, cantidades que non acadan o 50 % do prezo do contrato.

Consta a conformidade do adxudicatario coa modificación proposta, segundo escrito presentado a través da sede electrónica do Concello de Cambre pola empresa "Hebe Sport, S.L." con data do 23/06/2020 e nº de rexistro 202099900001505.

Consta a emisión de documento de retención de crédito asinado o 11/06/2020 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente para facer fronte a esta modificación, na aplicación orzamentaria 326.22608.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación e máis do Interventor municipal, de data 26 de xuño de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Comunicar á empresa "Hebe Sport, S.L." que con data do vindeiro día 13 de xullo de 2020 reanudarase a execución do contrato para a organización e desenvolvemento dos Campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares (exp. 2018/C004/000025), do que é adxudicataria a citada empresa, e que se atopa suspendido totalmente desde o día 14 de marzo de 2020, debido ás medidas adoptadas durante a vixencia do estado de alarma acordado por mor da crise sanitaria do Covid-19 polo Real decreto 463/2020.

Segundo : Aproba-lo expediente de modificación do contrato para execución da prestación do servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre, nos períodos vacacionais escolares, subscrito no expte. nº 2018/C004/000025 coa entidade "Hebe Sport, S.L.", de conformidade co establecido no artigo 205.2.b) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, esto co fin de facer fronte a circunstancias imprevisibles, debidas á situación imprevista e sobrevida causada pola pandemia COVID-19, e pola que o Concello de Cambre vese obrigado a tomar as medidas de seguridade e hixiene establecidas polo Goberno central na Orde SND/458/2020 do 30 de maio, á hora de organizar o campamento urbano que vai levar a cabo durante o período de vacacións escolares do verán 2020.

A modificación aprobada supón, tal e como consta no informe emitido con data 16/06/2020 pola animadora deportiva adscrita a Educación coa conformidade do coordinador da área, e que conta coa conformidade do contratista adxudicatario, a ampliación do número de persoas destinadas á organización e desenvolvemento do campamento, tal e como consta nas columnas "AUMENTO" e "AUMENTO EN Nº DE HORAS" da seguinte táboa:

Nº DE HORAS PARA OFERTAR EN 3 CENTROS E 108 PLAZAS MÁXIMAS TOTAL:

SERVIZOS	NO CONTRATO EN VIGOR	PARA O VERAN DO ANO 2020	AUMENTO	AUMENTO EN Nº DE HORAS
Actividades	9 (4h/ día)	12 (4h/día)	3 (4h/día)	12 h/día * 35 días= 420 horas
Almorzo	1 (2h/día)	3 (2h/día)	2 (2h/día)	4 h/día * 35 días= 140 horas



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Atención participantes ^{1a} hora mañan	1 (2h/día)	3 (2h/día)	2 (2h/día)	4 h/día * 35 días= 140 horas
Atención participantes de 13:30 a 14:30 horas	1 (1h/día)	3 (1h/día)	2 (1h/día)	2 h/día * 35 días= 70 horas
Comedor	7 (3h/día)	12 (3h/día)	5 (3h/día)	15 h/día * 35 días= 525 horas
Acompañante bus	1 (1,75h/día)	2 (1,75h/día)	1 (1,75h/día)	1,75 h/día * 35 días= 61,25 horas
Apoio	2 (9h/día)	6 (9h/día)	4 (9h/día)	36 h/día * 35 días= 1260 horas
Coordinador/a	1 (9h/día)	3 (9h/día)	2 (9h/día)	18 h/día * 35 horas= 630 horas

Ademáis, supón a adopción das seguintes medidas durante o campamento do verán 2020 :

- Reducirse a ratio monitor/a-participante a 1 por cada 9 participantes.

- Fixarase un máximo de catro grupos de 10 persoas en total mais o/a coordinador e os/os 2 monitores/ as de apoio por lugar de realización de actividade.

- Realizarse o campamento urbano en tres lugares en lugar de en un para poder ofertar o nº máximo total de prazas e que se achegue ao máximo de prazas establecido no contrato en vigor, cumprindo así co aforo por lugar de actividade establecido na Orde.

- Atrasarse o comezo do desenvolvemento do campamento ao 13 de xullo, xa que, para que a xente poida solicitar a praza para o campamento, ten que solicitar cita previa no rexistro municipal (se presenta a solicitude por esta vía), tal e como está actualmente establecido no Concello de Cambre como medida de seguridade, isto fai que se teña que atrasar o prazo de solicitude ata o 26 de xuño de 2020 e que se teña un tempo para facer a valoración de solicitudes unha vez finalizado devandito prazo. Por iso, as quendas de días do campamento será de: 1º, do 13 ao 24 de xullo; 2º, do 27 de xullo ao 7 de agosto; 3º, do 10 da o 21 de agosto (excepto o 17 que é festivo local) e o 4º, do 24 ao 31 de agosto de 2020.

Terceiro : A modificación antedita leva consigo un aumento no importe do contrato para o ano 2020, tal e como informa a animadora deportiva adscrita a Educación, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, no seu informe emitido o 16 de xuño actual, de 40.794,16 euros sen IVE e de 44.873,58 euros IVE incluído, constando a conformidade do adxudicatario ao aumento do importe citado, esto segundo escrito presentado pola empresa "Hebe Sport, S.L." con data do 23/06/2020 e rexistrado ao nº 202099900001505

Cuarto : En consecuencia co anterior, aprobar o gasto por importe de 44.873,58 euros a cargo da aplicación orzamentaria 326.22608

Quinto : Requerir á entidade adxudicataria, "Hebe Sport, S.L.", con enderezo na rúa Venezuela nº 3, 15160 Sada (A Coruña), para que, no prazo de quince días naturais, que comencarán a contar a partir da notificación destes acordos, proceda á formalización da modificación do contrato, debendo nese mesmo prazo proceder ao reaxuste da garantía definitiva, por un importe de 2.039,71 euros, esto de conformidade co establecido nos artigos 203.3 e 109.3 da LCSP.

Sexto : Tendo en conta o establecido no artigo 207.3 in fine da Lei 9/2017, publicar un anuncio de modificación no Perfil de contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado de todos os informes emitidos con carácter previo á súa aprobación.

Sétimo: Contra o presente acordo cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no art. 44., apartados 1.a) e 2. d) da LCSP e cláusula 32.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

O recurso poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (art. 50.1.e) da Lei 9/2017 de contratos do sector público), a contar desde o día seguinte ao da publicación no Perfil de Contratante, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da Lei 9/2017, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, "pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público" (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica https://tacgal.xunta.gal/procedementos_e.html. En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, infórmaselles de que antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados. A tramitación das medidas provisionais substanciarase conforme ao disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Proposta de adxudicación á entidade “Hebe Sport, S.L.”, no importe de 9.105,87 sen IVE (11.018,10 euros IVE incluído) do Servizo de mantemento e socorrismo na Piscina Municipal Castros do Bosque durante o período que abarca entre o 1 de xullo e o 15 de setembro de 2020. Expediente núm. 2020/C002/000071

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 28 de abril de 2020 asínase polo coordinador deportivo don José Amando Pena Vila unha memoria valorada para a contratación do servizo de Mantemento e socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque entre os días 15 de xuño ao 15 de setembro de 2020, cun orzamento de 11.000 euros € sen IVE, 13.431,00 euros IVE incluído.

Con data do 4 de maio de 2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo técnico coordinador da Área don José Luis Martínez Názara, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira de Economía, Facenda e Recursos Humanos, para a contratación da prestación do servizo de “Mantemento e socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque”, cun orzamento de 11.000,00 € sen IVE, 13.431,00 € IVE incluído.

Motívase a contratación na necesidade de poñer a punto e abrir a Piscina Municipal de Castros do Bosque, logo do prolongado peche invernal, así como o preceptivo mantemento das condicións hixiénico-sanitarias e as labores de vixilancia dos bañistas durante o período de apertura das mesmas.

Con data do 8 de maio de 2020 emítese documento de retención de crédito pola intervención Municipal, con cargo á aplicación orzamentaria 342.22799

Con data 4 de xuño de 2020 emítese informe de selección do contratista polo coordinador deportivo coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Cambre Ocio, S.L.
- Hebe Sport S.L.
- Viraxes S.L.

e que presentou oferta a empresa que a continuación se relaciona :

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Hebe Sport S.L.	10.998,00	13.307,58

formulando proposta de adxudicación do servizo de “Mantemento e socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque” (para un período de tres meses), á empresa *Hebe Sport S.L.*, con NIF ****0809, domicilio en rúa Venezuela, 3, 3º esquerda, 15160 Sada, no prezo ofertado de 10.998,00 € sen IVE, 13.307,58 € IVE incluído, atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 18 de xuño de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 160/2020- Reparos 68 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 23/06/2020.

Tendo en conta o informe emitido polo coordinador de deportes e mailo coordinador da área con data do 26/06/2020, no que se alude a razóns e competencias de interese público na tramitación do contrato menor, así como ao retraso producido na tramitación dun novo expediente de concesión dos complexos deportivos por mor de problemas alleos ao departamento, así como a proposta do concelleiro-delegado de Cultura, Deportes e Xuventude da mesma data, e maila Resolución da Alcaldía nº 849/2020 de data 26/06/2020, na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.

Visto que no citado informe do coordinador deportivo se fai constar que, ante o retraso producido na apertura da instalación, (inicialmente prevista para o 15 de xuño, se ben a data real de apertura vai ser desde o 1 de xullo de 2020), minorouse o prazo de execución do contrato e por conseguinte o importe da adxudicación do contrato, que pasa a ser de 9.105,87 euros sen IVE (11.018,10 euros IVE incluído).

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de instalacións deportivas e ocupación do tempo libre (art. 25.2.l) e 26.1.c) da Lei 7/85 de bases do réxime local), así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a memoria valorada correspondente ao servizo de "Mantemento e socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque" para o verán de 2020, elaborada polo coordinador deportivo don José Amando Pena Vila, cun orzamento de 11.000 euros € sen IVE, 13.431,00 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2020 342 22799.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000071, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato do servizo de "Mantemento e socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque", cunha duración desde o 1 de xullo ata o 15 de setembro de 2020, á empresa *Hebe Sport S.L*, con NIF *****0809, e domicilio en rúa Venezuela, 3, 3º esquerda, 15160 Sada, no prezo de 9.105,87 € sen IVE, 11.018,10 € IVE

incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao coordinador de Deportes municipal don José Amando Pena Vila, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao coordinador de Deportes municipal, José Amando Pena Vila, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Aprobación do “Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na parroquia de Cela. Lg. Pena (suelo) A Igrexa. Cela. 15660 Cambre. Maio 2020”, redactado polo arquitecto don David Sarmiento Nogueira, cun orzamento base de licitación de 189.821,10 euros IVE incluído

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 29 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con datas do 27/05/2020 e 28/05/2020 preséntase a través de sede electrónica do Concello de Cambre, aos nºs 202099900001090 e 202099900001111 respectivamente, polo arquitecto don David Sarmiento Nogueira, os documentos que integran o “*Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (suelo) A Igrexa. Cela . 15660 Cambre. Maio 2020*”, cun orzamento base de licitación de 189.821,10 € IVE incluído.

Dito proxecto consiste na construción dun pequeno equipamento, un edificio socio cultural, que dea servizo ás necesidades dos veciños/as da Parroquia de Cela (Cambre). Para isto, tratouse de deseñar un equipamento cun programa amplo de espazos, tratando que estes sexan o mais polivalentes posibles en orde de que sirvan para a maioría das actividades que neles queiran desenvolver os veciños/as.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal con data 4 de xuño de 2020, de conformidade e supervisión técnica favorable a proxectos externos, no que se presta conformidade e se informa favorablemente a supervisión do proxecto.

Visto o artigo 231.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público que establece que *“a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación salvo que tal competencia estea especificamente atribuída ao outro órgano por unha norma xurídica”*.

En relación con este, o artigo 236 da LCSP determina que *“aprobado o proxecto e previamente á aprobación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar o reformulo do mesmo, o cal consistirá en comprobar a realidade xeométrica da mesma e a despoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución (...) Unha vez realizado o reformulo incorporárase o proxecto ao expediente de contratación”*.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o *“Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (suelo) A Igrexa. Cela . 15660 Cambre. Maio 2020”*, redactado polo arquitecto don David Sarmiento Nogueira, cun orzamento base de licitación de 189.821,10 € IVE incluído e integrado polos documentos que seguidamente se relacionan:

- *Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (suelo) A Igrexa. Cela . 15660 Cambre. Maio 2020”*, Tomo I, asinado con data 27/05/2020
- *Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (suelo) A Igrexa. Cela . 15660 Cambre. Maio 2020”*, Tomo II, asinado con data 28/05/2020
- Planos 1 asinado con data 27/05/2020
- Planos 2 asinado con data 27/05/2020
- Planos 3 asinado con data 27/05/2020

Segundo: De conformidade cos artigos 231.1 e 236 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, que polo técnico competente se proceda a realizar o reformulo do proxecto.

Terceiro: Unha vez realizado o reformulo, incorporar o proxecto ao expediente de contratación para a aprobación deste pola Xunta de Goberno Local.

Cuarto: Notificar este acordo a don David Sarmiento Nogueira, arquitecto redactor do proxecto, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou

a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e Plan de Xestión de Residuos presentados pola empresa *Canarga, S.L.* adxudicataria da obra “Pavimentación da Rotonda de Acceso á Barcala e complementarias de instalación eléctrica (Cambre)”. Expediente: 2020/C002/000066

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2020/C002/000066 para a contratación polo procedemento de contrato menor da obra “Pavimentación da Rotonda de Acceso á Barcala e complementarias de instalación eléctrica (Cambre)”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de maio de 2020 polo que se adxudicou a obra á empresa *Canarga, S.L.*

Visto o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa adxudicataria *Canarga, S.L.* con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 18 de xuño de 2020 e número 202099900001414, ao que achega o informe favorable emitido por don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. coordinadora da seguridade e saúde da obra por Resolución de Alcaldía nº 755/2020 de 10 de xuño, expediente de contrato menor nº 2020/C002/000075.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adxudicataria *Canarga, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 25 de xuño de 2020 e número 201990000001087.

Vistos os informes favorables emitidos con data 26 de xuño de 2020 polo arquitecto municipal, director da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa *Canarga, S.L.*, para a execución da obra denominada “Pavimentación da Rotonda de Acceso á Barcala e complementarias de instalación eléctrica (Cambre)”. Expte 2020/C002/000066.

Segundo: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa *Canarga, S.L.*, para a execución da obra denominada “Pavimentación da Rotonda de Acceso á Barcala e complementarias de instalación eléctrica (Cambre)”. Expte 2020/C002/000066

Terceiro: Notificar este acordo á empresa Canarga, S.L. e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Cuarto: Notifíquese ao arquitecto municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.5. Proposta de adxudicación á empresa "Suministros y Motores,S.L." no prezo de 6.652,05 euros sen IVE (8.048,98 euros IVE incluído), da Subministración de materiais consumibles e pequena ferramenta para o desenvolvemento dos cursos de soldadura do Plan AFD 2019-2020. Expediente núm. 2020/C002/000048

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 03/03/2020 emítase proposta-informe de necesidade de contratación, asinado pola axente de desenvolvemento local, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, para a contratación menor da Subministración de materiais consumibles e pequena ferramenta para o desenvolvemento dos cursos de soldadura do Plan AFD 2019-2020, motivado na necesidade de executar unha subvención aprobada por resolución do xefe territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de data 09/10/2019, pola que se aproba ao Concello de Cambre unha subvención para realizar dous cursos, con base na orde de 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras do procedemento Plan formativo para o Emprego (persoas traballadoras desempregadas) na Comunidade Autónoma de Galicia para 2019-2020, así como na Orde de 17 de abril de 2019 pola que se procede á primeira convocatoria para os exercicios 2019-2020 (DOG núm. 86 de 07/05/2019).

Nesta subvención contéplase a execución dos cursos: **“Soldadura oxigás e soldadura MIG MAG (nº 1638)” e “Soldadura con electrodo revestido e TIG (nº 1639)”**.

No art. 16.8. da citada orde *“Execución da actividade por parte das entidades beneficiarias”*, contémprese a obriga de poñer a disposición do alumnado os materiais didácticos que se precisen de forma

indubitada para a axeitada realización da formación, así como os equipos axeitados tanto para a realización das prácticas como para a súa protección e seguridade.

O desenvolvemento desta actividade forma parte das seguintes competencias municipais:

- No art. 86 da lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, especifica “.... O municipio poderá tamén exercer actividades complementarias das propias doutras administracións Públicas e, en particular , as relativas a:..... A ocupación e loita contra o paro...”
- No art. 3 da Lei 5/2014 de 27 de maio de medidas urxentes da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, especifica que non se entenderán como novas competencias, e polo tanto, as Administracións Locais poderán exercelas “...a) A continuidade da prestación de servizos xa establecidos,..... d) A concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter coxuntural actividades de información, asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e mais outras actividades...”

Na mesma proposta-informe de necesidade, xustifícase a contratación menor “debido a que non se trata dun mesmo subministro que se repita no tempo xa que non se pode prever. Cada docente, na súa liberdade de cátedra elixe os materiais que considera máis adecuados para a aprendizaxe do seu alumnado (no caso dos consumibles existen múltiples opcións no mercado e cada docente elixe a tipoloxía de materiais que considera máis axeitado). O persoal docente varía en cada curso, xa que son contratados por convocatoria pública en cada exercicio e non sempre son contratados os mesmos profesionais. Ademais un mesmo docente pode cambiar de materiais en cada curso dependendo dos que lle poidan resultar máis interesantes para impartir a súa docencia, ou dos traballos prácticos que vaian a realizar a petición dos distintos departamentos municipais. A vixencia do contrato non supera unha anualidade, e finaliza coa finalización dos cursos. Non hai fraccionamento do contrato, xa que aínda se imparten dous cursos diferentes con distintos docentes, este contrato integra o subministro da mesma natureza para os dous cursos.”

Con data 09/03/2020 emítense sendos documentos de “Retención de crédito” pola Intervención municipal nos que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2020 241 22199.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 12/06/2020 emítense informe pola axente de desenvolvemento local municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas :

- COMERCIAL DIRESA, S.L.
- HERRAMIENTAS Y MAQUINARIA DE SOLADURA, S.L.
- COBOS PAVÓN, S.L.
- SUMINISTROS Y MOTORES, S.L. (SUUMO)

E que , trala solicitude de aclaracións ás ofertas presentadas, presentaron oferta final os licitadores que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
SUMINISTROS Y MOTORES, SL (SUUMO) (1)	6.652,05 €	8.048,98 €
COMERCIAL DIRESA S.L. (2)	8.295,86 €	10.037,99 €

formulando proposta de adxudicación da subministración de materiais, consumibles e pequena ferramenta para o desenvolvemento dos cursos de soldadura do Plan AFD 2019-2020, á empresa SUMINISTROS Y MOTORES, SL (SUUMO), con NIF: *****3330 e domicilio na Avda Nicasio Pérez. Parcela 20-21 Nave 67 Polígono Industrial La Gándara. 15404 Ferrol (A Coruña), no prezo ofertado de 6.652,05 € sen IVE, e 8.048,98 € con IVE, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 25 de xuño de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 164/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 27 de xuño de 2020.

Tendo en conta o informe emitido con data 29 de xuño de 2020 pola Axente de Desenvolvemento local, no que se fai constar que non hai fraccionamento do contrato, debido a que, se ben é certo que tanto os consumibles para a soldadura como as máquinas de soldadura poden ser subministradas polas mesmas empresas provedoras, o expediente de contratación de máquinas non é algo que estaba previsto realizar cando se iniciou o expediente de contratación de consumibles (día 3/3/2020), e non é unha compra que se realice con habitualidade, tan só cando é preciso actualizar a maquinaria por obsolescencia ou roturas irreparables, e os subministros de metais son subministrados por diferentes tipos de empresas, cun obxecto social diferente das empresas que subministran consumibles para a soldadura e das máquinas de soldadura, sendo o obxecto social da empresa proposta neste caso as subministracións industriais e navais con tódolos seus derivados, ademais de darse a imposibilidade dunha planificación previa das necesidades, debido á dependencia dos expertos docentes, que unha vez contratados, iniciada a formación, son quen definen as súas necesidades tanto de metais como doutros consumibles, e tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 862/2020 de data 30/06/2020, na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de ocupación e loita contra o paro, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada para a Subministración de materiais consumibles e pequena ferramenta para o desenvolvemento dos cursos de soldadura do Plan AFD 2019-2020, elaborada pola axente de desenvolvemento local, e que se atopa integrada na proposta-informe de necesidade de contratación, asinada pola axente de desenvolvemento local, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos con data 3 de marzo de 2020, e cun orzamento de 8.200,00 €, sen IVE, 9.922,00 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2020 241.22199.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000048, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Rexeitar a oferta presentada por “Comercial Diresa, S.L.”, por exceder do presuposto base de licitación, establecido en 8.200,00 €, sen IVE, 9.922,00 €, IVE incluído, sendo a oferta presentada de 8.295,86 sen IVE e 10.037,99 euros IVE incluído, esto de conformidade co establecido no artigo 84 do Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas.

Quinto : Adxudicar o contrato para a subministración de materiais, consumibles e pequena ferramenta para o desenvolvemento dos cursos de soldadura do Plan AFD 2019-2020, á empresa SUMINISTROS Y MOTORES, SL (SUYMO), con NIF: *****3330 e domicilio na Avda Nicasio Pérez. Parcela 20-21 Nave 67 Polígono Industrial La Gándara. 15404 Ferrol (A Coruña), no prezo ofertado de 6.652,05 € sen IVE, e 8.048,98 € con IVE, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Setimo: Designar como responsable do contrato á axente de desenvolvemento local municipal, dona Sonia Machín Herranz, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notifíquese á responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.6. Proposta de adxudicación da Subministración de maquinaria para o obradoiro de soldadura á empresa SUMINISTROS Y MOTORES, SL (SUUMO), no prezo ofertado de 13.115,00 € sen IVE (15.869,15 € IVE incluído). Exp.2020/C002/000059

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 01/04/2020 emítase proposta-informe de necesidade de contratación, asinado pola axente de desenvolvemento local, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, para a contratación menor da Subministración de maquinaria para o obradoiro de soldadura, motivado en manter a homologación das especialidades formativas conducentes ao certificado de profesionalidade “soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG” e “soldadura con electrodo revestido e TIG”, ademais de na necesidade de executar unha subvención aprobada por resolución do xefe territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de data 09/10/2019, pola que se aproba ao Concello de Cambre unha subvención para realizar dous cursos, con base na orde de 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras do procedemento Plan formativo para o Emprego (persoas traballadoras desempregadas) na Comunidade Autónoma de Galicia para 2019-2020, así como na Orde de 17 de abril de 2019 pola que se procede á primeira convocatoria para os exercicios 2019-2020 (DOG núm. 86 de 07/05/2019).

Nesta subvención contéplase a execución dos cursos: **“Soldadura oxigás e soldadura MIG MAG (nº 1638)” e “Soldadura con electrodo revestido e TIG (nº 1639)”**.

No art. 16.8. da citada orde *“Execución da actividade por parte das entidades beneficiarias”*, contémprese a obriga de poñer a disposición do alumnado os materiais didácticos que se precisen de forma indubitada para a axeitada realización da formación, así como os equipos axeitados tanto para a realización das prácticas como para a súa protección e seguridade.

O desenvolvemento desta actividade forma parte das seguintes competencias municipais:

- No art. 86 da lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, especifica *“... O municipio poderá tamén exercer actividades complementarias das propias doutras administracións Públicas e, en particular, as relativas a:..... A ocupación e loita contra o paro...”*
- No art. 3 da Lei 5/2014 de 27 de maio de medidas urxentes da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, especifica que non se entenderán como novas competencias, e polo tanto, as Administracións Locais poderán exercer as *“...a) A continuidade da prestación de servizos xa establecidos,..... d) A concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter coxuntural actividades de información, asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e mais outras actividades...”*

Na mesma proposta-informe de necesidade, xustifícase a contratación menor *“debido a que non se trata dun mesmo subministro que se repita no tempo, se non que son adquisicións puntuais no momento en que se necesitan, neste caso concreto por necesidade urxente de substituír máquinas que deixaron de funcionar e/ou son “non reparables”/obsoletas ou presentan deficiencias no seu funcionamento, impedindo, na maioría dos casos o normal desenvolvemento dos cursos de formación. Na actualidade o obradoiro de soldadura necesita unha actualización, xa que conta con máquinas en funcionamento moi antigas, debido a que neste curso tivemos moitas avarías e para continuar a formación cumprindo uns mínimos de calidade e cumprir coas esixencias do Certificado de Profesionalidade, temos a necesidade imperiosa de adquirir como mínimo as máquinas que se describen. Unha vez que finalice a formación teremos que ir actualizando a maquinaria, para manter o obradoiro de soldadura punteiro tecnolóxicamente que Cambre sempre tivo. Os expertos docentes son os que nos asesoran sobre o tipo de maquinaria mínima que se precisa e as súas características.”*

Con data 08/05/2020 emítase documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2020 241 62300.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 12/06/2020 emítase informe pola axente de desenvolvemento local municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas :

- COMERCIAL DIRESA, S.L.
- HERRAMIENTAS Y MAQUINARIA DE SOLADURA, S.L.
- COBOS PAVÓN, S.L.
- SUMINISTROS Y MOTORES, S.L. (SUUMO)

E que , trala solicitude de aclaracións ás ofertas presentadas, presentaron oferta final os licitadores que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
SUMINISTROS Y MOTORES, SL (SUUMO)	13.115,00 €	15.869,15 €
COMERCIAL DIRESA S.L.	13.799,00 €	16.696,79 €
COBOS PAVÓN S.L.	14.110,00 €	17.073,10 €

formulando proposta de adxudicación da subministración de maquinaria para o obradoiro de soldadura á empresa SUMINISTROS Y MOTORES, SL (SUUMO), con NIF: *****3330 e domicilio na Avda Nicasio Pérez. Parcela 20-21 Nave 67 Polígono Industrial La Gándara. 15404 Ferrol (A Coruña), no prezo ofertado de 13.115,00 € sen IVE, e 15.869,15 € con IVE, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, e logo de verificar cos docentes contratados para os cursos de soldadura que tecnicamente as máquinas cumpren coas características requiridas.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor

estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 25 de xuño de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 162/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 27 de xuño de 2020.

Tendo en conta o informe emitido con data 29 de xuño de 2020 pola Axente de Desenvolvemento local, no que se fai constar que non hai fraccionamento do contrato, debido a que, se ben é certo que tanto as máquinas de soldadura como os consumibles para a soldadura poden ser subministradas polas mesmas empresas provedoras, o expediente de contratación de máquinas non é algo que estaba previsto realizar cando se iniciou o expediente de contratación de consumibles (día 3/3/2020), e non é unha compra que se realice con habitualidade, tan só cando é preciso actualizar a maquinaria por obsolescencia ou roturas irreparables, e os subministros de metais son subministrados por diferentes tipos de empresas, cun obxecto social diferente das empresas que subministran consumibles para a soldadura e das máquinas de soldadura, sendo o obxecto social da empresa proposta neste caso as subministracións industriais e navais con tódolos seus derivados, ademais de darse a imposibilidade dunha planificación previa das necesidades, debido á dependencia dos expertos docentes, que unha vez contratados, iniciada a formación, son quen definen as súas necesidades tanto de metais como doutros consumibles, e tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 861/2020 de data 30/06/2020, na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de ocupación e loita contra o paro, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada para a Subministración de maquinaria para o obradoiro de soldadura, elaborada pola axente de desenvolvemento local, e que se atopa integrada na proposta-informe de necesidade de contratación, asinada pola axente de desenvolvemento local, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos con data 1 de abril de 2020, e cun orzamento de 14.920,00 €, sen IVE, 18.053,20 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2020 241.62300

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000059, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para a Subministración de maquinaria para o obradoiro de soldadura á empresa SUMINISTROS Y MOTORES, SL (SUYMO), con NIF: *****3330 e domicilio na Avda Nicasio Pérez. Parcela 20-21 Nave 67 Polígono Industrial La Gándara. 15404 Ferrol (A Coruña), no prezo ofertado de 13.115,00 € sen IVE, e 15.869,15 € con IVE, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración,

factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, e logo de verificar cos docentes contratados para os cursos de soldadura que tecnicamente as máquinas cumpren coas características requiridas.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á axente de desenvolvemento local municipal, dona Sonia Machín Herranz, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo : Notifíquese á responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.7. Proposta de adxudicación á empresa "Hierros Santos, S.L.", no prezo de 12.512,49 euros sen IVE (15.140,11 euros IVE incluído), da Subministración de metais para o desenvolvemento dos cursos de soldadura do Plan AFD 2019-2020. Expediente núm. 2020/C002/000047

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 03/03/2020 emítase proposta-informe de necesidade de contratación, asinado pola axente de desenvolvemento local, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, para a contratación menor da Subministración de metais para o desenvolvemento dos cursos de soldadura do Plan AFD 2019-2020, motivado na necesidade de executar unha subvención aprobada por resolución do xefe territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de data 09/10/2019, pola que se aproba ao Concello de Cambre unha subvención para realizar dous cursos, con base na orde de 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras do procedemento Plan formativo para o Emprego (persoas traballadoras desempregadas) na Comunidade Autónoma de Galicia para 2019-2020, así como na Orde de 17 de abril de 2019 pola que se procede á primeira convocatoria para os exercicios 2019-2020 (DOG núm. 86 de 07/05/2019).

Nesta subvención contéplase a execución dos cursos: **“Soldadura oxigás e soldadura MIG MAG (nº 1638)” e “Soldadura con electrodo revestido e TIG (nº 1639)”**.

No art. 16.8. da citada orde *“Execución da actividade por parte das entidades beneficiarias”*, contéprase a obriga de poñer a disposición do alumnado os materiais didácticos que se precisen de forma indubitada para a axeitada realización da formación, así como os equipos axeitados tanto para a realización das prácticas como para a súa protección e seguridade.

O desenvolvemento desta actividade forma parte das seguintes competencias municipais:

- No art. 86 da lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, especifica *“.... O municipio poderá tamén exercer actividades complementarias das propias doutras administracións Públicas e, en particular, as relativas a:..... A ocupación e loita contra o paro...”*
- No art. 3 da Lei 5/2014 de 27 de maio de medidas urxentes da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, especifica que non se entenderán como novas competencias, e polo tanto, as Administracións Locais poderán exercelas *“...a) A continuidade da prestación de servizos xa establecidos,..... d) A concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter coxuntural actividades de información, asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e mais outras actividades...”*

Na mesma proposta-informe de necesidade, xustifícase a contratación menor *“debido a que non se trata dun mesmo subministro que se repita no tempo xa que non se pode prever. Cada docente, na súa liberdade de cátedra elixe os materiais que considera máis adecuados para a aprendizaxe do seu alumnado (no caso dos metais existen múltiples presentacións: tubos, chapas, pletinas, angulares, varillas, ..., en distintos metais: ferro, aceiro inoxidable, aluminio, ..., e en distintas medidas e espesores). O persoal docente varía en cada curso, xa que son contratados por convocatoria pública en cada exercicio e non sempre son contratados os mesmos profesionais. Ademais un mesmo docente pode cambiar de materiais en cada curso dependendo dos que lle poidan resultar máis interesantes para impartir a súa docencia, ou dos traballos prácticos que vaian a realizar a petición dos distintos departamentos municipais. A vixencia do contrato non supera unha anualidade, e finaliza coa finalización dos cursos. Non hai fraccionamento do contrato, xa que aínda se imparten dous cursos diferentes con distintos docentes, este contrato integra o subministro da mesma natureza para os dous cursos.”*

Con data 09/03/2020 emítense sendos documentos de “Retención de crédito” pola Intervención municipal nos que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2020 241 22199.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 16/06/2020 emítense informe pola axente de desenvolvemento local municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas :

- HIERROS SANTOS, S.L.
- HIERROS TELMO LÓPEZ, S.L.

- HIERROS TORRES Y SAEZ, S.A.

E que , trala solicitude de diversa aclaracións ás ofertas presentadas, presentaron oferta final os licitadores que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
HIERROS SANTOS, S.L.	12.512,49 €	15.140,11 €
HIERROS TORRES Y SAEZ, S.A.	12.860,48 €	15.561,18 €

formulando proposta de adxudicación á empresa HIERROS SANTOS, S.L., con NIF: *****0176 e domicilio na rúa Jesús Fernández Pita, 126 C. Pol. Ind. Río do Pozo. 15578 Narón (A Coruña), no prezo ofertado de 12.512,49 € sen IVE, e 15.140,11 € con IVE, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 25 de xuño de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 163/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 27 de xuño de 2020.

Tendo en conta o informe emitido con data 29 de xuño de 2020 pola Axente de Desenvolvemento local, no que se fai constar que non hai fraccionamento do contrato, debido a que os subministros obxecto do presente contrato (ferros) son subministrados por diferentes tipos de empresas, cun obxecto social diferente, das empresas que subministran consumibles para a soldadura e das máquinas de soldadura, ademais da imposibilidade dunha planificación previa das necesidades, debido á dependencia dos expertos docentes, que unha vez contratados, iniciada a formación, son quen definen as súas necesidades tanto de metais como doutros consumibles, e tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 859/2020 de data 29/06/2020, na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.

Visto canto antecede, por parte desta Cellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de ocupación e loita contra o paro , así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada para a Subministración de metais para o desenvolvemento dos cursos de soldadura do Plan AFD 2019-2020, elaborada pola axente de desenvolvemento local, e que se atopa integrada na proposta-informe de necesidade de contratación, asinada pola axente de desenvolvemento local, o

concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos con data 3 de marzo de 2020, e cun orzamento de 14.300,00 €, sen IVE, 17.303,00 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2020 241.22199.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000047, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para a Subministración de metais para o desenvolvemento dos cursos de soldadura do Plan AFD 2019-2020, á empresa HIERROS SANTOS, S.L., con NIF: *****0176 e domicilio na rúa Jesús Fernández Pita, 126 C. Pol. Ind. Río do Pozo. 15578 Narón (A Coruña), no prezo ofertado de 12.512,49 € sen IVE, e 15.140,11 € con IVE, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á axente de desenvolvemento local municipal, dona Sonia Machín Herranz, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.



O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental
Verónica María Otero López